



Venres, 24 de febreiro do 2017

O campus de Ourense uniuse este venres á homenaxe á escritora galega no seu día

## Reivindicando a Rosalía de Castro, reivindicando a cultura galega

Entre as actividades realizadas estivo a presentación de 29 videopoemas sobre a súa obra



### Rosa Tedín | Ourense

Desde o ano 2011, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega celebra cada 24 de febreiro, coa implicación de todo tipo de entidades, o Día de Rosalía de Castro, co obxectivo de transmitirle á sociedade a importancia da figura desta escritora no ámbito sociocultural galego. Uníndose a esta iniciativa, o campus de Ourense, ao igual que o fixeron ao longo da semana os campus de Vigo e Pontevedra, desenvolveu un amplo abano de actividades que tiveron como obxectivo reivindicar a vixencia de Rosalía de Castro e da cultura galega. "Rosalía conseguiu unirmos como pobo, que nos identificásemos coa súa obra, e hoxe en día son moitas as voces que seguen xuntándose ao seu redor", subliñou Isabel Mociño, docente da Facultade de Ciencias da Educación promotora desta homenaxe.

Virxilio Rodríguez, vicerreitor do campus de Ourense, foi o encargado de arrancar o acto lembrando a importancia da figura de Rosalía de Castro para "a cultura e o pobo galego" e recalando como a voz da escritora galega foi "unha voz radical" en tempos difíciles para a muller e para a lingua galega. O vicerreitor salientou como ese espírito reivindicativo debe estar tamén presente na Universidade. "Nós tamén debemos ser radicais" afirmou, subliñando como "radical significa estar apegados ás raíces, medrar a partir delas". "Non é posible entender o mundo nin a universidade se non estamos enraizados e iso é o que hoxe queremos pór en valor con este acto", advertiu.

Tras esta benvida, a docente Ana Iglesias foi a encargada de ler o manifesto feito público pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e encomendado nesta ocasión á escritora Leticia Costas, manifesto ao que se deu lectura en todos os actos nos que participou a asociación, como é o caso do organizado este venres en Ourense pola Vicerreitoría do Campus e a Facultade de Ciencias da Educación.

### 29 videopoemas para Rosalía

O acto principal da programación levada a cabo no campus de Ourense foi a entrega dos premios do Certame de Videopoemas RosalíaTe, convocado pola Vicerreitoría e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Nel convidábase aos membros da comunidade universitaria a realizar videopoemas de 20 segundos arredor da obra de Rosalía de Castro. En total presentáronse 29 pezas, sendo as gañadoras *Mais ve que o meu corazón*, de María Barreiro, Patricia Davila, Nerea González, Eva Torres e Uxía Vila; *Vaguedás I*, de Daniel Rodrigo, María Lucía Rodríguez, Laura Rodríguez e María Rueda; *Lieders*, de Gema Piñeiro e María Manuela Ordóñez; *Es feliz el que soñando, muere*, de Patricia Pérez, Laura Quintás, Beatriz Rejo, Sheyla Saavedra e Carolina Seoane, e *Algúns din imiña terra!*, de Cristina Álvarez, Dayana Alves, Noelia Balvís, Melanée Barandela e Estela Bustelo. Con todas as obras presentadas elaborouse un **audiovisual** que foi proxectado na homenaxe.

As actividades na biblioteca universitaria continuaron coa presentación da exposición *Imaxes de Rosalía*, elaborada polo alumnado de segundo curso de Educación Primaria do campus no marco da materia Didáctica da Expresión Artística, impartida polo profesor e artista Xabier Blanco. O docente destacou "a expresividade e a significación" das obras de collage elaboradas polos estudantes e felicítounos polo traballo realizado. Tamén se inaugurou unha mostra de fondos bibliográficos diversos sobre a escritora galega. A través desta selección, recalcou Mercedes Pérez, técnica especialista da Biblioteca Rosalía de Castro encargada de coordina-la, queda patente "a actualidade e a vixencia" da obra de e sobre Rosalía de Castro. Unha actuación do músico e profesor da Facultade de Ciencias da Educación Xosé Constenla, que tamén participou na organización deste evento, e unha lectura poética aberta á participación do público pecharon esta homenaxe a Rosalía no seu día grande.